

LIGA GALEGA DE NATACIÓN MÁSTER

Tempada 2025/26. Circular 25-30.

1. Organización, datas e sedes

1. Celebrarase en cinco xornadas durante as datas e sedes establecidas no calendario de natación máster para a presente tempada, sempre que haxa dispoñibilidade na piscina asignada.
2. Cada xornada da liga levarase a cabo nunha sesión que comezará ás 10:00 horas en caso de ser en sesión de mañá ou ás 17:00 se é de tarde.
3. Todas as xornadas disputaranse en tres sedes que, en función das solicitudes recibidas, tentarase que sexan zona norte, zona sur e outra, cos clubs repartidos por proximidade xeográfica e por número de licenzas.
4. A piscina deberá estar ao dispor dos nadadores para o quecemento polo menos 1 hora antes do comezo de cada sesión.

2. Programa de probas

1ª XORNADA	2ª XORNADA	3ª XORNADA
1. 400 libre mixto 2. 50 braza masculino 3. 50 braza feminino 4. 50 bolboreta masculino 5. 50 bolboreta feminino 6. 50 costas masculino 7. 50 costas feminino 8. 100 estilos masculino 9. 100 estilos feminino 10. 50 libre masculino 11. 50 libre feminino	1. 200 libre mixto 2. 50 braza feminino 3. 50 braza masculino 4. 100 bolboreta feminino 5. 100 bolboreta masculino 6. 100 costas feminino 7. 100 costas masculino 8. 50 libre feminino 9. 50 libre masculino 10. 200 braza mixto Descanso 10' 11. 4x50 libre masculino 12. 4x50 libre feminino	1. 200 bolboreta mixto 2. 50 costas masculino 3. 50 costas feminino 4. 100 braza masculino 5. 100 braza feminino 6. 100 libre masculino 7. 100 libre feminino 8. 50 bolboreta masculino 9. 50 bolboreta feminino 10. 100 estilos masculino 11. 100 estilos feminino Descanso 10' 12. 4x50 estilos mixto
4ª XORNADA	5ª XORNADA	
1. 200 estilos mixto 2. 50 braza masculino 3. 50 braza feminino 4. 100 bolboreta masculino 5. 100 bolboreta feminino 6. 50 libre masculino	1. 100 costas masculino 2. 100 costas feminino 3. 400 estilos mixto 4. 50 bolboreta masculino 5. 50 bolboreta feminino 6. 100 libre masculino	

7. 50 libre feminino 8. 200 costas mixto Descanso 10' 9. 4x50 estilos feminino 10. 4x50 estilos masculino	7. 100 libre feminino 8. 100 braza masculino 9. 100 braza feminino 10. 50 costas masculino 11. 50 costas femenino Descanso 10' 12. 4x50 libre mixto	
---	---	--

3. Participación

1. A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina y feminina:

20+. de 20-24 anos (nacidos anos 2006-2002)	65+. de 65-69 anos (nacidos anos 1961-1957)
25+. de 25-29 anos (nacidos anos 2001-1997)	70+. de 70-74 anos (nacidos anos 1956-1952)
30+. de 30-34 anos (nacidos anos 1996-1992)	75+. de 75-79 anos (nacidos anos 1951-1947)
35+. de 35-39 anos (nacidos anos 1991-1987)	80+. de 80-84 anos (nacidos anos 1946-1942)
40+. de 40-44 anos (nacidos anos 1986-1982)	85+. de 85-89 anos (nacidos anos 1941-1937)
45+. de 45-49 anos (nacidos anos 1981-1977)	90+. de 90-94 anos (nacidos anos 1936-1932)
50+. de 50-54 anos (nacidos anos 1976-1972)	95+. de 95-99 anos (nacidos anos 1931-1927)
55+. de 55-59 anos (nacidos anos 1971-1967)	100+. de 100 anos e máis (nacidos 1926 e anteriores)
60+. de 60-64 anos (nacidos anos 1966-1962)	

A idade entenderase cumprida ao 31 de decembro do segundo ano da tempada en vigor

2. Nas probas de remudas, haberá 8 categorías, establecidas en base á suma das idades dos 4 compoñentes:

Equipo 01: +80 (PREMASTER): máis de 80 anos (80-99)	Equipo 05: +200: máis de 200 anos (200-239)
Equipo 02: +100: máis de 100 anos (100-119)	Equipo 06: +240: máis de 240 anos (240-279)
Equipo 03: +120: máis de 120 anos (120-159)	Equipo 07: +280: máis de 280 anos (280-319)
Equipo 04: +160: máis de 160 anos (160-199)	Equipo 08: +320: máis de 320 anos

3. Os nadadores de categoría PREMASTER (+20), SÓ poderán participar nas remudas da categoría PREMASTER (80-99) anos. Os restantes nadadores poderán participar en TODAS as categorías, incluída a PREMASTER.

4. Para facilitar o traballo do club organizador, enviarase a composición das remudas utilizando o modelo da FEGAN cuberto en todos os seus apartados, incluída a categoría á que pertence a remuda. Poderanse facer modificacións na composición das remudas o día da competición, pero sen alterar a categoría.

5. A participación está aberta a todos os nadadores MAIORES de 20 anos en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente.

6. Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais e unha remuda en cada xornada.
7. Cada club poderá inscribir un só equipo de remudas por categoría. Nas probas de remudas mixtas os equipos estarán formados por 2 homes e 2 mulleres.
8. Non existe limitación en canto ó número de nadadores por club e proba.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través do XESDE e a acta de prescrición que o propio programa xera, será remitida á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org).
2. As inscricións deberán estar en poder da FEGAN antes das 23:59 horas do xoves da semana previa á competición (10-11 días antes da celebración da xornada correspondente), sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.
3. Os deportistas deberán ser inscritos con marcas acreditadas ou, na súa falta, con marcas aproximadas. Os nadadores que sexan inscritos sen marca non poderán participar.
4. Poderán comunicarse as baixas ata 45 minutos antes do comezo da competición, non se admitirán altas nin cambios.

5. Fórmula de competición

1. Disputaranse todas as probas contra reloxo.
2. As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categorías.
3. Puntuación:
 - a) A puntuación nas probas individuais será: 13, 10, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2 y 1.
 - b) A puntuación nas probas de remudas será: 26, 20, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4 y 2.
4. Só puntuarán os tres primeiros clasificados na proba individual de cada club e categoría. Os clasificados posteriormente non serán puntuados, outorgándolle a puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo club.

6. Clasificacións

- 1- Faranse as seguintes clasificacións:

- a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
- b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
- c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina, feminina e remudas mixtas.

7. Títulos e premios

1. Entregarase un trofeo ó equipo Campión da Liga, ó que consiga a mellor puntuación segundo o punto c do apartado 6. A entrega de trofeos da Liga celebrárase no Campionato Galego Máster de verán.

8. Reclamacións

1. Nas competicións de natación de carácter territorial, pero con varias sedes, a Comisión de Competición estará integrada por:

- a) O secretario xeral da FEGAN.
- b) Un representante dos Clubs participantes elixido por sorteo.
- c) Un representante dos adestradores elixido por sorteo entre os pertencentes aos clubs participantes.
- d) O Xuíz Árbitro da Competición.
- e) Unha persoa designada pola FEGAN que non coincida coas anteriores.

2. O sorteo dos membros desta Comisión de Competición realizarase ao comezo da tempada, en data e hora que se anunciará previamente na sede da FEGAN, e antes do inicio das competicións.

3. A reclamación presentarase, como máximo ata 48 horas dende a resolución da reclamación previa presentada ante o xuíz do concurso.

4. A reclamación será resolta pola Comisión de Competición no prazo máximo de 48 horas despois de ter coñecemento dela.

5. Non se poderá presentar ningunha reclamación contra os resultados transcorridos 4 horas desde a súa publicación definitiva.

A Coruña, xullo de 2025.